

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA



**XUNTA
DE GALICIA**



E X P O S I C I Ó N

GALICIA

UN RELATO NO MUNDO

15 nov 2019–12 abr 2020 | Museo Centro Gaiás

Dossier de prensa



Xacobeo 2021





GALICIA, UN RELATO NO MUNDO

15 novembro 2019 —

12 abril 2020

Museo Centro Gaiás

Entrada de balde

Exposición aberta ao público
de martes a domingo de 10 a 20 horas e
con visitas comentadas gratuítas

Máis información en cidadedacultura.gal



*Broche de cinto de As
Pereiras*

Museo Arqueolóxico
Provincial de Ourense

*Mapa Imago Mundi de
Honorius de Autum (Mapa de
Sawley)*

The Parker Library, Corpus
Christi College, Cambridge

*De Aetatibus Mundi
Imagine.*

Biblioteca Nacional
de España

La muerte de Lucrecia
Atribuído a Luca Cambiaso,
Luqueto
Museo Nacional del Prado

G

Galicia, un relato no mundo explora a interacción entre o territorio histórico galego e o resto do mundo nun percorrido que nos leva desde a prehistoria ata a actualidade. Concibida como **a primeira de tres grandes exposicións da Xunta con**

motivo do Xacobeo 2021, céntrase nas relacións internacionais de Galicia e a súa presenza no mundo.

No marco da exposición chegan por vez primeira a Galicia destacadas pezas de alto valor simbólico para a historia e a cultura do noso país e que se atopan en prestixiosas coleccións museísticas en distintos recantos do mundo. O público galego terá así a oportunidade única de contemplar nunha mesma mostra obras chegadas de institucións de referencia como a Cambridge University-Parker Library, a Biblioteca Apostólica Vaticana, a Biblioteca de Arezzo en Italia, The Bodleian Libraries—University of Oxford ou o Museu Nacional de Arqueología de Portugal.

Galicia, un relato no mundo examina o papel de diferentes culturas, pobos e grandes eventos históricos na conformación da historia e da identidade galega. Tamén as relacións e a profunda conexión da comunidade galega con outros países –sobre todo europeos e americanos– rompendo co mito de illamento e periferia e explorando o papel e o impacto de Galicia no mundo.

Cuestións como a innovación tecnolóxica, as tendencias culturais e artísticas, as transformacións políticas, a integración de pobos e culturas, a influencia de vías de comunicación históricas como a peregrinación a Santiago de Compostela, os grandes movementos migratorios da Europa do século XIX e XX e a internacionalización crecente da economía galega son aspectos moi presentes no relato da exposición.



UN RELATO EN CATRO BLOQUES

Galicia, un relato no mundo estrutúrase arredor dos mitos, as historias, as memorias e as vidas dos galegos e galegas en diferentes épocas e contextos xeográficos.

Mitos é o punto de partida da exposición e explica como no imaxinario de Galicia a idea da viaxe e da relación co foráneo é central. Esta parte da mostra explora os relatos lendarios construídos desde a Idade Media ao redor das orixes de Galicia, boa parte deles baseados na idea de tránsito, con figuras mitolóxicas do Mediterráneo e do Atlántico.

Historias percorre seis mil anos seleccionando momentos nos que a relación co mundo foi especialmente determinante. Céntrase no relato cronolóxico das interaccións entre Galicia e o resto do mundo desde a prehistoria ata a Segunda Guerra Mundial, prestando atención tamén ao impacto doutras culturas en Galicia.

Memorias propón unha viaxe pola emigración galega desde o século XVIII ata hoxe en día, percorrendo as causas e características dos movementos migratorios e o seu legado a través do impacto na economía, na arte ou na construción da identidade galega.

Vidas detense na presenza actual de Galicia no mundo, especialmente a través da idea da exportación e a presenza comercial, conectando ás persoas visitantes co presente e con temas como a imaxe exterior de Galicia, a dimensión internacional da lingua galega ou a construción das relacións internacionais.

A exposición en cifras

Máis de 300 pezas en exposición

60 entidades prestadoras de obra de 8 países

- 8 en Europa
- 3 en América
- 8 en España
- 41 en Galicia

21 coleccións privadas



Unha viaxe interactiva

Galicia, un relato no mundo como mecanismo expositivo baséase na propia idea de exploración por parte dos usuarios e usuarias que, a través de **solucións de montaxe gráficas e interactivas**, deciden en cada momento canta información queren recibir. Tecnoloxías como sensores de movemento e presenza, sistemas inmersivos, proxeccións interactivas e realidade aumentada terán un destacado peso na construción do relato expositivo.



PEZAS IMPRESCINDIBLES

Dos mitos fundacionais de Galicia ao florecemento da lírica medieval, desde Irlanda ata Roma, destacamos tan só unha manchea das máis de 300 pezas que conforman o relato imprescindible desta exposición.

O LIBRO DAS INVASIÓNS (THE BOOK OF LEINSTER)

S. XII | Trinity College, Dublín

Por primeira vez en Galicia

O Libro das Invasións reúne fontes da antiga mitoloxía irlandesa, bíblicas e de autores cristiáns, para dar conta das seis invasións de Irlanda por distintos pobos. A última e definitiva foi a do pobo dos milesios, procedentes da cidade de Brigantia, identificada como A Coruña.

Trátase da obra onde se atopa a primeira mención coñecida a lendario líder Breogán e relata como un dos seus dez fillos, Ith, avistou Irlanda por primeira vez desde o Faro de Brigantia, que o seu pai construíra.

Séculos despois, no XIX, a través do traballo do historiador Manuel Murguía a lenda de Breogán

incorporaríase á tradición cultural e identitaria de Galicia, que no propio Himno se convertería no Fogar de Breogán.

O Lebor Gabála Éirenn, ou Libro das Invasións, forma parte do Libro de Leinster, unha das principais compilacións da literatura medieval irlandesa. Foi desenvolvido entre os séculos XII e XIII polo abade Áed Ua Crimthainn no mosteiro de Tír-Dá-Glas (Tipperary, Irlanda). Custodiado polo Trinity College de Dublín, a versión que poderá ver en *Galicia, un relato no mundo* é a máis antiga conservada do antigo mito e é a primeira vez que sae de Irlanda.



Lebor Gabála Éirenn, "Book of Leinster" (Libro das Invasións)
By permission of The Board of Trinity College, Dublin



Mapa Imago Mundi de Honorius de Autum (Mapa de Sawley)
The Parker Library, Corpus Christi College, Cambridge

MAPA DE SAWLEY

S. XII | The Parker Library, Corpus Christi College, Cambridge

Por primeira vez en Galicia

O mapa de Sawley revela o coñecemento do reino de Galicia en Europa no século XII, durante a coñecida como 'Era Compostelá', un período de especial florecemento cultural, económico e institucional do reino. Contemporáneo do Pórtico da Gloria, o mapa sitúa a catedral de Santiago coma o edificio máis importante de Europa, ilustrándoa nun tamaño incluso maior que a Basílica de San Pedro de Roma.

Datado cara 1190, é un dos primeiros mapa mundi europeos e está considerado o mapa enciclopédico máis antigo conservado das Illas Británicas. Os mapas enciclopédicos son una síntese de saber pois non só colocan representacións xeográficas, senón os outros saberes do seu tempo: históricos, bíblicos e lendarios. Foi descuberto na biblioteca da abadía de Sawley, un mosteiro cisterciense de Yorkshire, e esta será a primeira vez que se exporá en Galicia.

Biblia Kennicott
The Bodleian Libraries,
University of Oxford
MS. Kennicott 1, 379,
018, 911, 246, 154



BIBLIA KENNICOTT

1476 | The Bodleian Libraries –
University of Oxford

A Biblia Kennicott é recoñecida como unha obra mestra da iluminación medieval, un dos manuscritos hebreos máis valiosos da Historia e a testemuña máis importante da presenza xudía en Galicia.

Rematouse na Coruña o 24 de xullo de 1476 (o ano 5236 da Creación, no cómputo xudeu). Foi un encargo dun importante comerciante da cidade, Don

Isaac, fillo de Salomón de Braga. Isaac e a súa familia tiveron que marchar da Coruña entre 1492–1493 por mor do decreto de expulsión dos xudeus promulgado polos Reis Católicos e moi posiblemente levaron a Biblia con eles.

O libro seguiu un azaroso camiño por Portugal, o norte de África e Xibraltar e durante 300 anos estivo desaparecida. En 1771, Benjamin Kennicott, responsable da Biblioteca Radcliffe da Universidade de Oxford, xestionou a súa adquisición para os fondos da institución. En 1872 a Biblia sería transferida ás Bibliotecas Bodleian, tamén da Universidade de Oxford, onde

continúa ata hoxe que, 500 anos despois do exilio dos seus propietarios, volverá a Galicia para ser exhibida no Museo Centro Gaiás, ao carón doutras obras senlleiras cun importante valor simbólico para a cultura e historia de Galicia.

A Biblia é un magnífico expoñente da confluencia artística na España do século XV das tradicións artísticas musulmá, hebreas e cristiás. Dun extraordinario valor histórico e artístico, é tamén a mellor testemuña da presenza xudía na Baixa Idade Media en Galicia, a onde volve máis de cincocentos anos despois de saír da Coruña no século XV.



*Estatua de
Guerreiro Galaico*
Museu Nacional de
Arqueoloxía. Lisboa.
Portugal


GUERREIRO DE LESENHO

Museu Nacional de Arqueoloxía
de Portugal

Por primeira vez en Galicia

Peza central para entender a Idade do Ferro no noroeste da Península Ibérica, grazas á súa riqueza iconográfica. Desempeñará unha función nodal na exposición como clave para contextualizar diferentes obxectos arqueolóxicos que amosan conexións formais, culturais ou tecnolóxicas en relación con outros pobos da Idade do Ferro e tamén para relatar os primeiros encontros entre os pobos galaicos e o imperio romano, a través da iconografía da caetra.

Nas estatuas de guerreiros galaicos, a caetra, o escudo, é o elemento da panoplia máis visible e relevante e sempre se representa de maneira frontal. Será este o primeiro símbolo do noroeste peninsular, singularizado como tal, que represente visualmente ao noroeste de Iberia en Roma, no corazón do Imperio, nos primeiros tempos da conquista relatando os primeiros encontros entre os pobos galaicos e o imperio romano.



CANCIONEIRO DA VATICANA

S. XVI | Biblioteca Apostolica Vaticana

Por primeira vez en Galicia

O Cancioneiro da Vaticana é, xunto co Cancioneiro de Ajuda e o Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Portugal, un dos corpus nos que se garda a lírica galego portuguesa medieval, nacida nunha época de especial esplendor cultural, económico e político da Era Compostelá no século XII. Trátase dunha obra cun excepcional valor simbólico para a nosa cultura –que se exporá en Galicia por vez primeira– pero tamén central na tradición literaria de Europa. A lírica galego portuguesa, xunto coa poesía na lingua de oc (Occitania) e de oïl (norte de Francia), foron as primeiras expresións literarias en lingua romance do continente.

Trátase dunha colección monumental de 1.200 cantigas copiadas en Italia a finais do século XV e principios do XVI por orde do humanista italiano Angelo Colocci, copias realizadas a partir dos orixinais, hoxe desaparecidos. Nel figuran os nomes máis emblemáticos da tradición literaria galego portuguesa medieval: os reis Afonso X O Sabio, Don Dinís, Paio Gomes Chariño, Afonso Eanes do Cotón, Pero da Ponte, Meendinho ou Airas Nunes, entre moitos outros.

O ITINERARIO DE EXERIA

S. XI | Biblioteca de Arezzo (Italia)

Por primeira vez en Galicia

O primeiro relato de viaxes do que se ten constancia en España foi escrito hai 16 séculos por unha aristócrata da Gallaecia romana, Exeria, que movida pola curiosidade por coñecer os escenarios bíblicos emprendeu unha peregrinación ata Terra Santa. Exeria está considerada a primeira muller escritora coñecida da Península Ibérica, e tamén é a primeira peregrina que relatou a súa viaxe nun diario que foi escribindo a modo de cartas nas que describía os lugares que percorría e que inclúen Exipto, Antioquía, Edesa ou Constantinopla.

O Peregrinatio Egeriae está recollido no Codex Aretinus 405, descuberto en 1884 por Gian Francesco Gamburrini na Biblioteca de Arezzo

–onde se conserva actualmente–. Datado no século XI, foi transcrito a partir dun manuscrito anterior, posiblemente no mosteiro de Monte Cassino.

Desde o seu descubrimento, o Itinerario de Exeria foi obxecto de numerosas edicións e traducións en todo o mundo. Pese a que o manuscrito se conserva incompleto e só chegaron a nós os fragmentos correspondentes ao Mediterráneo oriental, é unha das fontes máis valiosas para coñecer o papel da muller ao final do Imperio Romano, a espiritualidade desa época e incluso a transición entre o latín culto e o vulgar, que logo daría lugar ás linguas romances. Poderá verse por vez primeira en Galicia.



Peregrinatio Egeriae,
(O Itinerario de Exeria)
Biblioteca Comunale di Arezzo



SANTA, DE FRANCISCO ASOREY

ca. 1926 | Casa de Galicia en Montevideo

A *Santa*, escultura en madeira policromada de Francisco Asorey, é unha das pezas máis destacadas do traballo do escultor cambadés e tamén dunha das obras de arte galegas máis significativas e controvertidas do século pasado, polo potente e provocador simbolismo co que representou a muller galega, rachando cos códigos estéticos vixentes naquel tempo.

Foi presentada en 1926 na Exposición Nacional de Bellas Artes en Madrid, onde Asorey levaría a primeira medalla da exposición con outra obra, *San Francisco*. A *Santa*, pola súa banda, provocou gran sorpresa pola súa representación dunha labrega galega espida, portando un xugo de vacas e moi afastada da figura feminina idealizada predominante no momento. A obra causou un amplo debate na prensa

arredor da representación do corpo da muller e da lectura política da obra, que se asociou aos esforzos da muller labrega galega, pero que tamén se entendeu como un símbolo da situación da Galicia da época. Anos despois, nunha entrevista á prensa en 1956, Francisco Asorey consideraría esta escultura como a obra da que se atopaba “máis satisfeito”.

A *Santa* foi adquirida pola Casa de Galicia de Montevideo (Uruguai) e partiu de Vigo para América en 1951, sendo testemuña imprescindible do valioso e amplo patrimonio cultural galego do século XX preservado nos centros e sociedades galegas de América, e unha mostra do interese da diáspora pola cultura de Galicia.

LIBER SANCTI IACOBI

S.XII | Biblioteca Apostolica Vaticana

LIBER SANCTI IACOBI

S. XIV | Universidad de Salamanca. Biblioteca General Histórica



Liber Sancti Iacobi
Archivo San Pietro
c. 128
Città del Vaticano,
Biblioteca Apostolica
Vaticana

No século XII, a Igrexa de Santiago promoveu, a través da Crónica de Turpín do Códice Calixtino, a lenda da visita en soños do Apóstolo Santiago a Carlomagno, na que o exhortaba a liberar a súa tumba da ocupación musulmá e a abrir un camiño ata ela.

Con este relato que vinculaba o santuario coa figura máis prestixiosa de Occidente, a Igrexa compostelá propagou a sonda da peregrinación ao longo de Europa. O texto foi arrincado do Códice Calixtino en 1619 e non se restituíu ata a restauración de 1964. No proceso destruíuse parte da miniatura do Soño e perdeuse o rostro do emperador.

Os *Liber Sancti Iacobi* do Vaticano e de Salamanca —que se fixeron tomando como modelo o códice compostelán— inclúen miniaturas recollendo esta escena do encontro entre Santiago e o emperador. Son dous dos tres únicos códices calixtinos iluminados que se conservan no mundo —ademais do orixinal de Santiago de Compostela— e permiten observar detalles gráficos perdidos no orixinal compostelán, como é o rostro durmido do emperador Carlomagno.

BANDEIRA SINXELA DO TERCIO DE GALEGOS DE BUENOS AIRES

1806 | Museo Marítimo Ingeniero Cerviño da Escola Nacional de Náutica Manuel Belgrano

Esta peza, de enorme valor simbólico e histórico, está vinculada ao nacemento da unidade de infantería formada por seiscentos voluntarios galegos residentes en Buenos Aires que participou na resistencia da cidade durante a invasión inglesa de 1807. O Tercio de Galegos, formado e dirixido polo enxeñeiro de Campo Lameiro Pedro Antonio Cerviño, foi un dos corpos máis distinguidos na defensa da capital argentina.

A bandeira –que representa o escudo de Galicia bordado en fíos de ouro e prata por unha cara e o da cidade de Buenos Aires pola outra– está vinculada directamente aos acontecementos que desencadearán posteriormente a formación da República Arxentina e supón unha das primeiras testemuñas materiais da unión dos galegos en América.



EL PARAÍSO TERRENAL

Ca. 1620 | Museo Nacional del Prado

El Paraíso Terrenal
| Ca. 1620
Brueghel o Novo,
Pieter (Copia de
Brueghel o Vello,
Jan)
Museo Nacional
del Prado

Nos séculos XVI e XVII, a gran nobreza galega integrouse nos proxectos da monarquía hispánica ao longo do imperio. Os galegos destacaron no exército e, sobre todo, no exercicio da diplomacia. Grazas aos contactos establecidos nos seus vicerreinados en Italia, os condes de Lemos e Monterrei convertéronse en afamados coleccionistas da arte do seu tempo.

Pedro Fernández de Castro, coñecido como Gran Conde de Lemos, foi unha das figuras políticas máis destacadas do reinado de Felipe III, presidente dos

consellos de Indias e Italia e vicerrei en Nápoles, ademais de Alguacil Maior do Reino de Galicia. Foi un destacado valedor dos grandes escritores do século de ouro, e mantivo amizade con Miguel de Cervantes, Luís de Góngora ou Lope de Vega, entre outros.

A Casa de Lemos converteu a Monforte nun importante polo cultural, reunindo unha das coleccións de pintura europea, tapices, escultura sacra e mesmo reliquias máis notables do seu tempo.

Na pinacoteca dos Lemos atopábanse obras coma este Paraíso Terrenal de Pieter Brueghel o Novo, hoxe en día custodiado no Museo do Prado. Nesta obra, o pintor pon en escena unha multitude de aves cantoras mentres a escala diminuta, nun claro na espesura se reproduce a tentación de Adán e Eva. Un cabalo, tigres, cervos, dromedarios, aves palmípedas e acuáticas, árbores froiteiras e arbustos en flor completan unha idílica visión do Paraíso, copia do orixinal firmado e datado por Jan Brueghel O Vello

UNHA EXPERIENCIA INTERACTIVA



Galicia, un relato no mundo concibe as novas tecnoloxías como un elemento central do relato da exposición, empregando sistemas como realidade virtual e aumentada e dispositivos de detección sensorial. A mostra consegue así expandir os obxectos e as historias, traéndoo ao presente e crebando as dificultades de acceso a libros e outros obxectos distanciados do visitante por barreiras de lectura ou de imposibilidade de manipulación.

As persoas visitantes verán o seu corpo convertido na interface tecnolóxica que lles permite navegar entre as distintas capas de información que a exposición ofrece, decidindo en cada momento canto queren profundar no relato.

Os adeuses en realidade virtual

Singular experiencia inmersiva na que se combina un espazo real e un espazo virtual para converter o balcón do segundo andar do Museo Centro Gaiás na cuberta dun transatlántico de mediados do século XX que parte de Galicia para América. Cunha mochila e gafas de realidade virtual, os participantes poden mergullarse con liberdade na cuberta do barco, interactuar con obxectos e con personaxes e revivir o momento da partida cara América que experimentaron os seus devanceiros.



O Sebasteion de Afrodísias

A realidade aumentada permite viaxar no tempo e no espazo ata o Sebasteion da cidade de Afrodísias, na Turquía occidental: un monumental templo conmemorativo da memoria do primeiro emperador romano, Octavio Augusto, onde figura a inscrición máis distante que coñecemos referida ao pobo dos galaicos. As persoas visitantes poden interactuar cunha réplica a tamaño real da inscrición e, a través de tablets, 'erguer' ao seu redor o templo tal e como se coñecía a finais do Imperio romano.

O Camiño de Santiago: un universo medieval

A Galicia do século XII e as historias do Camiño de Santiago cobran vida nas mans dos e das usuarias a través dunha mesa interactiva e de recursos propios do mundo dos videoxogos. A interacción con diversos obxectos reais –como cerámica ou moedas– distribuídos nunha mesa desencadean


eventos e transformacións nun mundo virtual que, proxectado nunha gran pantalla, reacciona en tempo real.

Un percorrido interactivo

Os sistemas sensoriais de presenza, que permiten detectar a posición ou o interese do visitante para despregar distintos niveis de información, son outro dos recursos tecnolóxicos empregados na mostra con diversas aplicacións.

Por unha banda permiten, sen tocar nada, manipular libros ou mapas que axudan a comprender o significado e a procedencia das pezas ou desvelan historias gardadas en antigos códices, narrándoas dun xeito visual e con recursos tomados de linguaxes próximas ao usuario, como o mundo do cómic ou do graffiti. Proxeccións que se despregan en canto os e as visitantes toman asento ou un percorrido polas diferentes variantes da lingua galega e portuguesa a través do mundo completan o despregue tecnolóxico da mostra.

A MONTAXE



Os principios do deseño da exposición e da museografía empregada recollen tanto a intención da mostra de ser unha viaxe diacrónica e temática, como a consciencia do edificio que se ocupa. A implantación afástase deste, tómao coma unha envolvente que non se ignora e da que se toman referencias, pero á que non se acaroa.

A situación de contidos fráxiles nun espazo acristalado motiva a necesidade de atenuación da luz natural.

A cor da montaxe, branca e uniforme, fai máis queda a sucesión heteroxénea de formas, soportes e materiais que os contidos impoñen.

A viaxe pola mostra é un percorrido pautado, de ida e volta en bustrófedon, que permite escapes visuais en cada módulo e deixa retornar a fitos xa vistos, que se remarcan coa forma e a luz.

Toda a exposición segue a disciplina da economía formal e material, dando prioridade á reciclaxe do xa existente, cunha limitada incorporación de novos elementos modulares e reutilizables.

COMISARIADO



Comisario Manuel Gago

Profesor asociado na Universidade de Santiago de Compostela (USC) e coordinador de proxectos dixitais do Consello da Cultura Galega. É tamén divulgador científico e cultural con espazos en diferentes medios de comunicación de Galicia, así como comisario de exposicións con ampla experiencia en mostras vencelladas ao eido cultural e histórico.

Academia.edu:
novosmedios.academia.edu/ManuelGago

Foto: Sole Felloza

Consello científico asesor:

José Miguel Andrade Cernadas

Profesor Titular de Historia Medieval na Universidade de Santiago de Compostela

Beatriz Comendador Rey

Profesora contratada doutora na área de Prehistoria da Universidade de Vigo (2010) e membro do Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio (GEAT)

José Manuel Costa García

Profesor departamento Arqueoloxía USC

Emilio Grandío Seoane

Profesor Titular de Historia Contemporánea na USC

Juan Manuel Monterroso Montero

Director do departamento de Historia da arte na USC

Rafael Rodríguez Martínez

Arqueólogo da Deputación de Pontevedra

Asesoría especial para a Emigración:

Pilar Cagiao Vila

Profesora Titular de Historia de América na Universidade de Santiago de Compostela


Produción de contidos:

Sara Alonso Rodríguez

Responsable da Área de Comunicación de 7H Cooperativa Cultural.

Francisco Alonso Toucido

Arqueólogo. Estela Arqueoloxía e Patrimonio S.L.



Catálogo

Deseño: EKINOCIO

Edición: Bilingüe Galego/ Castelán. Separata en Inglés

Tirada: 1.000 exemplares (304 páxinas)

Autores dos textos especializados:

PRÓLOGOS: Robert Macfarlane e Nélica Piñón

NORTE: Fernando Pereira, Irene García, José Miguel Andrade, Emilio Grandío, Xulio Ríos.

SUR: Beatriz Comendador, Henrique Monteagudo, Ramón Villares.

ESTE: Alfredo Vigo, Rafael Rodríguez, José Manuel Costa, Juan Manuel Monterroso, Manuela Sáez, Manuel Vicente.

OESTE: María del Carmen Saavedra, Pilar Cagiao, Santiago Riveiro, Ana Bulnes.

Créditos

Organiza

Xunta de Galicia

PRESIDENTE

Alberto Núñez Feijóo

Consellería de Cultura e Turismo

CONSELLEIRO

Román Rodríguez González

SECRETARIO XERAL TÉCNICO

Manuel Vila López

DIRECTOR XERAL DE POLÍTICAS CULTURAIS

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

COMISARIA XACOBEO 2021

Cecilia Pereira Marimón

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

DIRECTORA XERENTE

Ana Isabel Vázquez Reboredo

DIRECTORA DE ACCIÓN CULTURAL

María Pereira Otero

DIRECTOR DE OFICINA TÉCNICA

Benito García Caramés

DIRECTOR ECONÓMICO FINANCIERO

Santiago González Prado

Colaboran

Consello da Cultura Galega
Secretaría Xeral de Emigración
Fundación Hispano Judía

Fondo Gaiás da Empresa Galega

ABANCA
AFUNDACIÓN

INDITEX

INVERAVANTE
NATURGY
FUNDACIÓN BARRIÉ
BANCO SABADELL
COREN
CAMPO
GADISA
GRUPO NOSA-TERRA 21
ASTILLEROS BARRERAS
R CABLE Y
TELECOMUNICACIONES GALICIA
MONBUS

EXPOSICIÓN

COMISARIO

Manuel Gago Mariño

ASESORÍA ESPECIAL EMIGRACIÓN

Pilar Cagiao Vila

CONSELLO CIENTÍFICO

ASESOR

José Manuel Andrade Cernadas
Beatriz Comendador Rey
José Manuel Costa-García
Emilio Grandío Seoane
Juan Manuel Monterroso
Montero
Rafael Rodríguez Martínez

PRODUCCIÓN DE CONTIDOS

Sara Alonso Rodríguez
Francisco Alonso Toucido
Manuel Vicente García

COORDINACIÓN EXPOSICIÓN

Departamento de exposicións de Acción Cultural

ASISTENCIA EN COORDINACIÓN

Aida Lojo Bárcena

DESEÑO DE MONTAXE

Oficina técnica Fundación Cidade da Cultura

COMUNICACIÓN E MARKETING

Departamento de Comunicación e Marketing

DIDÁCTICA-MEDIACIÓN

Servizo de Educación, Mediación, Información e Asistencia ao Público

PRODUCCIÓN AUDIOVISUALS

CGAI
MIRAMEMIRA
Froq Eventos

MONTAXE

Daexga
OHL

GRÁFICA

Ekinocio Comunicación

ILUSTRACIÓN

Miguel Peralta (Cestola na Cachola)
Miguel Robledo
Novenoel

REALIDADE VIRTUAL

Pablo Aparicio

PRODUCCIÓN SONORA

Soledad Felloza

VOZ

Mónica Caamaño

SOFTWARE

Xoia Software Development S.L.

IMPLEMENTACIÓN DE SOFTWARE INTERACTIVO

INUSUAL

TRANSPORTE

Feltrero

SEGUROS

Axa ART

CATÁLOGO

EDITA

Xunta de Galicia
Consellería de Cultura e Turismo
Fundación Cidade da Cultura de Galicia

COORDINACIÓN EDITORIAL

Departamento de Acción Cultural, Cidade da Cultura de Galicia

DESEÑO E MAQUETACIÓN

Ekinocio Comunicación

FOTOGRAFÍA

Ovidio Aldegunde

TRADUCCIÓN

Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

Eagle Language Service S.L

IMPRESIÓN

Agencia Gráfica



FONDO GAIÁS DA EMPRESA GALEGA



Gaiás, Cidade da Cultura de Galicia



A Cidade da Cultura preséntase como un punto de conexión de Galicia co resto do mundo e un motor para impulsar proxectos culturais innovadores. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, o arquitecto norteamericano Peter Eisenman deseñou esta “cidade” que semella xurdir da terra para erixirse como unha icona da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este espazo, destinado á cultura, ao emprendemento e á tecnoloxía, acolle catro institucións culturais:

Museo Centro Gaiás. A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas. É o centro cultural e artístico da Cidade da Cultura.

Biblioteca e Arquivo de Galicia. Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

Centro de Emprendemento Creativo. Acolle a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, un espazo de *coworking*, un viveiro de empresas e unha área de empresas TIC.

Centro de Innovación Cultural (CINC). É sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.

Espazos naturais. O Bosque de Galicia, o Xardín Literario e o Parque do Lago son os espazos verdes cos que conta o Gaiás. Lugares nos que gozar da natureza, descansar, practicar deporte e hábitos de vida saudables a través da súa rede de sendas e admirar novas caras da cidade de Compostela.



Museo Centro Gaiás

Referente arquitectónico do século XXI, o Museo Centro Gaiás é un dos edificios máis singulares e con máis posibilidades de uso da Cidade da Cultura, que aspira a converterse no centro expositivo de referencia de Galicia.

A espectacularidade da súa fachada, con case 43 metros de altura, e os seus máis de 16.000 metros cadrados de superficie que inclúen espazos expositivos, almacéns e obradoiros, permiten ao Museo Centro Gaiás despreparar unha oferta de actividades expositivas e dinamizadoras do sector cultural que o converten nun centro activo e en continua renovación.

O Museo Centro Gaiás conta cunha superficie expositiva de 6.600 metros cadrados, dividida en tres plantas superiores e un grande espazo multifuncional na planta inferior, na que é posible materializar retos expositivos de diversa natureza.

Desde a súa inauguración en 2012, o Museo Centro Gaiás ten colaborado con institucións culturais sobranceiras, entre as que se atopan o Centro Galego de Arte Contemporánea.

CGAC, Daros Latinoamérica Collection, Fundación Cisneros. Colección Patricia Phelps, Heeresgeschichtliches Museum, Manchester Art Gallery, Migros Museum für Gegenwartskunst, Museo Arqueológico Nacional, Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León. MUSAC, Museu d'Art Contemporani de Barcelona, Museo de la Catedral de Santiago, Musée D'Orsay, Museum of Modern Art. MoMA, Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, Museo Nacional del Prado, Museo Sorolla, Museo Thyssen-Bornemisza, National Museum Wales, Patronato de la Alhambra y Generalife, Real Fábrica de Cristales de la Granja. Fundación Centro Nacional del Vidrio, Rijksmuseum, The Scott Polar Research Institute, Victoria and Albert Museum e importantes coleccións privadas.





Galicia, un relato no mundo

Exposición

15 novembro 2019 — 12 abril 2020

Museo Centro Gaiás

Entrada de balde

Exposición aberta ao público de martes a domingo
De 10 a 20 horas e con visitas comentadas gratuítas

Máis información en cidadedacultura.gal

